Infórmate
marcafinessociales.org

XornalGalicia.com + Comunicados

# ACRUGA INFORMA DAS CHARLAS INFORMATIVAS ACERCA DO CONTRATO ECOM CORRESPONDENTE A 2009

XG Xornal de Galicia | Miércoles, 08 Abril, 2009 - 02:49

Desenrolaranse en diferentes enclaves das catro provincias galegas, durante este mes

Unha das finalidades principais da Asociación Nacional de Criadores de Gando Vacún Selecto de Raza Rubia Galega (Acruga) é ser un dos actores encargados de propiciar as boas prácticas no uso desta casta, autóctona galega. Por elo, a agrupación centra os seus esforzos en probar o potencial da rubia, para incrementar a calidade e a cantidade dos exemplares e intentar obter o máximo proveito das instalacións gandeiras, sempre baixo máximas como o respecto ó medio. Ademais, Acruga colabora co gandeiro para analizar os rendementos de cada explotación e aconsellar ó profesional acerca dos mellores acoplamentos.
Por todo elo, o pasado ano desenvolveuse un contrato de colaboración coas gandarías asociadas a Acruga, denominado Contrato de Explotación Colaboradora da Mellora da Raza Rubia Galega (Ecom) co propósito de mellorar e favorecer ás explotacións adheridas ó mesmo. Segundo Ángeles Moreno, secretaria executiva de Acruga, a fin desta iniciativa é "promocionar a recría de xovencas de raza pura que aparecen no Rexistro de Nacementos do Libro Xenealóxico da Raza Rubia Galega e o emprego de touros con bos índices, pero que carecen de probas de descendencia, para a conservación e a difusión da raza".
Á iniciativa adheríronse un total de 1.327 explotacións inscritas no Programa de Mellora da Raza Rubia Galega, o que equivale á metade das gandarías do Libro Xenealóxico da Raza.
A laboura que en virtude desta iniciativa debeu realizar cada gandeiro, asesorado por técnicos de Acruga e responsables da firma Genética Rubia, foi remunerado coa contía de 160 euros por xovenca; cantidade que se manterá para o Contrato ECOM correspondente ó ano 2009.
O prazo para asinar o mesmo abrirase o vindeiro mes. Non obstante, como informa Acruga, ó longo de abril ofreceranse diferentes charlas informativas, nos seguintes enclaves e datas:
· A Fonsagrada (Lugo): martes 14 de abril ás 12.00 horas, no Salón de Actos (detrás do instituto)
· Monforte de Lemos (Lugo): mércores 15 de abril ás 11.30 horas, na casa da cultura
· Xinzo de Limia (Ourense): mércores 15 de abril ás 17.30 horas, no salón de actos da casa da cultura
· Montederramo (Ourense): xoves 16 de abril ás 11.30 horas, no salón de actos da casa do Concello
· Castro Caldelas (Ourense): xoves 16 de abril ás 17.30 horas, no salón de actos do Castelo
· Lugo (Lugo): luns 20 de abril ás 12 horas, na Facultade de Veterinaria
· Silleda (Pontevedra): martes 21 de abril ás 11.30 horas, no salón da casa da cultura
· Melide (A Coruña): martes 21 de abril ás 17.30 horas, na sala de conferencias do Edificio Multiusos
· Muxía (A Coruña): mércores 22 de abril ás 12.00 horas, no salón de actos do Edificio de Servizos Múltiples.
· Moeche (A Coruña): xoves 23 de abril ás 12.00 horas, no Recinto Feiral
· Vilalba (Lugo): venres 24 de abril ás 12.00 horas, no salón de actos da casa da cultura

Opciones




Imprimir
Enviar
Última Hora
Titulares de Hoy
Traductor Galego
Diccionario Galego
Buscador Xornal Galicia
Traductor Google
Blogs Usuarios Xornal Galicia
Estadísticas Xornal Galicia
Xornal Galicia RSS/XML
Contacto Xornal Galicia

## Enlaces relacionados

· Más sobre Comunicados
· Otras noticias publicadas por redaccion

## La noticia más leída en la sección Comunicados:

**FORMEGA informa de la próxima inauguración del Centro de Formación de Automoción**

Más leidas en otras secciones [+] »

En profundidad:
Salud [+] »
Diversidad y Convivencia [+] »
Celtic World - Mundo Celta [+] »
América Latina - Iberoamérica [+] »
África y Asia [+] »
Eurocultura [+] »
Lenguas Minoritarias y Coficiales [+] »

## Última hora.

Tiroulle un vibrador aos paparazzi

Canales de noticias xml-rss
Noticias más leidas xml-rss
Última hora Xornal Galicia xml-rss -

XG Seis de cada diez pacientes con diabetes pueden evitar las complicaciones asociadas con un buen control
Para controlar de forma óptima la enfermedad, existe un amplio abanico de posibilidades al alcance del paciente que le ...[+]

XG Rajoy aprovechó ayer el discurso de investidura pronunciado por Feijóo, para alabar el trabajo del partido en Galicia
Y ponerlo como ejemplo del camino que debe seguir el PP para afrontar las próximas elecciones europeas

XG O Alcalde de Lugo e o Presidente da Confederación de Empresarios de Galicia comprométense a colaborar para estimular o...
O Alcalde de Lugo, José López Orozco, e o Presidente da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), Antonio Fontenla, ...[+]

XG Irisarri supervisa as obras de urbanización de O Bertón, con remate previsto para finais de ano
O ...[+]



XG A II Semana de Poesía Salvaxe traslada a creación cultural ás rúas, mercados e pubs de Ferrol
O alcalde, Vicente Irisarri, presidiu onte a presentación do proxecto, que se prolongará entre hoxe e o sábado. O ...[+]

XG Aprobado o convenio para a xestión do futuro Centro de día da praza de Vigo de Carballo
A Xunta de Goberno Local vén de aprobar esta semana un Convenio de colaboración co Consorcio Galego de Servizos da ...[+]

## Hemeroteca de Noticias

| Anterior | | | Abril, 2009 | | | Siguiente |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |
| 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 |
| 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 |
| 27 | 28 | 29 | 30 | | | |

Noticias de este mes »

Todas las Noticias [+] »

A favor o en contra del acuerdo PSG-PSOE - BNG en el Concello de A Coruña